



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID (FACULTADE DE FILOLOXÍA) PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A PROMOCIÓN DA LINGUA, DA LITERATURA E DA CULTURA GALEGAS

Santiago de Compostela,

REUNIDOS:

- ☐ Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que, en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.
- ☐ José María Coello de Portugal Martínez del Peral, Vicerreitor de Planificación, Coordinación e Relacións Institucionais, en representación da Universidade Complutense de Madrid (no sucesivo, UCM), nomeado a través do Decreto Reitoral 41/2023, do 28 de xuño, e que actúa por delegación do Reitor, segundo o Decreto Reitoral 28/2023, do 28 de xuño, de establecemento dos Vicerreitorados da UCM, de delegación de competencias e de diversas cuestións de índole organizativa, publicado no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid do 10 de xullo de 2023.

☐ **MANIFESTAN:**

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, Consellería), promove o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas, como trazo diferenciador e máxima expresión identitaria do pobo galego. A Lei de normalización lingüística establece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos de Galicia garantirán o seu uso normal. Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todos os grupos parlamentarios na sesión plenaria do 21 de setembro de 2004, establece entre os obxectivos relacionados coa promoción exterior do galego o de consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades nas que xa existe como materia de estudo e introduci-lo noutras universidades de interese estratéxico. Estas razóns acreditan o interese público e social da sinatura deste convenio, coa correspondente axuda que nel se recolle, e a súa singularidade deriva da conxunción do seu obxecto e do ámbito xeográfico ao que se circunscribe.
2. A Universidade Complutense de Madrid (en diante, Universidade) é o centro público de estudos superiores de referencia no seu ámbito territorial, dado que é o único que dispón da infraestrutura material e persoal adecuada para levar a cabo accións de difusión da lingua galega. Esta exclusividade académica fai evidente a imposibilidade de promover a concorrencia en convocatoria pública.
3. A Universidade, segundo se establece nos seus estatutos aprobados polo Decreto 32/2017, do 21 de marzo, do Consello de Goberno da Comunidade de Madrid (BOCM do 24 de marzo de 2017), ten entre as súas funcións a creación, o desenvolvemento, a transmisión e a crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico; a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e da formación continuada, e tamén ten como función favorecer o intercambio científico, a mobilidade académica e a cooperación para o desenvolvemento dos pobos, o que poderá articularse mediante o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e o desenvolvemento dos seus fins institucionais.



4. A Universidade, que declara cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiaria, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ratifica o seu interese en continuar coa relación de colaboración que, desde o ano 1995, mantén coa Xunta de Galicia e que posibilitou a incorporación do ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas aos plans de estudo da Universidade.

Polo exposto, ambas as entidades conveñen en asinar un convenio de colaboración que se rexerá polos seguintes

ACORDOS:

Primeiro. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases que rexerán a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Universidade Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, non só no ámbito académico da Universidade, senón tamén na súa área de influencia, de conformidade co establecido no acordo segundo e terceiro e consonte o manifestado na memoria xustificativa que acompaña a este convenio, no cumprimento do establecido do artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co sinalado no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para a sinatura deste convenio non é posible promover a concorrência pública, xa que a Universidade Complutense de Madrid é a referente no estudo do galego no seu ámbito territorial e, ademais, a sinatura do convenio atópase dentro da “Proposta de criterios obxectivos e planificación dos convenios de colaboración para subscribir pola Secretaría Xeral de Política Lingüística con outras universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega”, elaborada pola devandita secretaria xeral o 25 de maio de 2023.

Segundo. Compromisos da Universidade

A) Darlles continuidade aos estudos da lingua, da literatura e da cultura galega nos actuais plans de estudo, cuxas titulacións de grao están adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Esta actividade docente comprenderá as materias de lingua, literatura e cultura galegas que oferte a Facultade de Filoloxía en cada curso académico.

B) Organizar, a través da Facultade de Filoloxía, actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

Na cartelería, dípticos, anuncios ou en calquera outro elemento con fins publicitarios que se empregue para anunciar actividades financiadas con cargo á subvención prevista neste convenio, deberá incluírse o logotipo oficial da Xunta de Galicia, así como nas publicacións financiadas, en todo ou en parte, con fondos recollidos no devandito convenio. Neste último caso, a Universidade, a través da Facultade de Filoloxía, deberá remitirlle á Consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante SXPL), unha decena de exemplares.

C) Acoller o lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas a que se refire a alínea C do acordo terceiro. A Universidade poderá conceder a *venia docenti* (‘autorización para impartir clase’) a petición do departamento correspondente.

A Facultade de Filoloxía da Universidade, respectando a súa propia normativa, facilitaralle ao lector ou lectora a utilización dun despacho; permitirlle o uso daquelas instalacións universitarias que se atopen á disposición do profesorado para o desenvolvemento do seu labor docente; facilitaralle o acceso aos medios informáticos, reprográficos, videográficos, bibliográficos etc. que precise para



cumplir adecuadamente co seu labor, e prestarlle o asesoramento e a orientación que necesite sobre aqueles deberes de carácter burocrático que deba cumprir.

D) Adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas nas alíneas A e B deste acordo segundo.

A persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, en colaboración co lector ou lectora, incluírá na memoria de actuación recollida no acordo quinto unha relación debidamente detallada do material non funxible adquirido con cargo á subvención prevista neste convenio.

E) Presentar, no momento previo á sinatura do convenio e antes de cada un dos pagos previstos, a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social a que fai referencia o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como de non ter débedas pendentes coa Administración pública galega.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para que solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, agás que se opoñan expresamente á citada consulta.

Terceiro. Compromisos da Consellería

A Consellería, a través da SXPL, comprométese a colaborar coa Universidade na realización das accións previstas neste convenio coas seguintes actuacións:

A) Prestarlle a orientación e o apoio pedagóxicos e didácticos que demande para levar a cabo as actuacións de docencia recollidas na alínea A do acordo anterior.

B) Darlle o apoio institucional e o asesoramento técnico que precise para organizar as actividades recollidas na alínea B do acordo anterior.

C) Destinará á Universidade un lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas.

Este lector ou lectora seleccionárase a través dunha convocatoria que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e será elixido, de entre as persoas candidatas admitidas, por unha comisión de valoración da que formará parte un representante da propia Universidade.

O lector ou lectora, baixo a dirección da persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con esta e como complemento práctico ao seu programa de formación, atenderá as demandas da Universidade en relación cos compromisos adquiridos pola Consellería nas alíneas A e B deste acordo e desenvolverá actividades titorizadas relacionadas co disposto nas alíneas A e B do acordo segundo.

D) Realizará campañas de divulgación e difusión en relación coas actividades organizadas pola Universidade en aplicación deste convenio, a través da súa páxina web oficial, de notas de prensa e de calquera outro medio que considere adecuado á mencionada actividade.

Cuarto. Financiamento

A Consellería, a través da SXPL, para financiar os gastos que se deriven da execución das accións recollidas nas alíneas A, B e D do acordo segundo, colaborará cunha achega económica máxima de **doce mil euros (12.000,00 €)**, con cargo á partida orzamentaria 10.02.151A.781.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

- ☐ **2023: un máximo de mil euros (1.000,00 €)**
- ☐ **2024: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)**
- ☐ **2025: un máximo de catro mil euros (4.000,00 €)**
- ☐ **2026: un máximo de tres mil euros (3.000,00 €)**



O libramento destes importes a favor da Universidade, e conforme ás normas e procedementos establecidos por esta (en particular, o Regulamento de xestión económica e financeira e as normas de execución do orzamento do exercicio correspondente), poderase realizar nunha soa entrega en cada anualidade, logo de presentar a documentación requirida para efectuar os pagos anuais e final, ou aplicando o seguinte procedemento:

- ☐ Un anticipo, equivalente ao 50 % da cantidade máxima prevista para cada exercicio económico, cando se cumplan os seguintes requisitos:
 - o Que o convenio estea asinado e en vigor.
 - o Que a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos lle remita á Consellería, a través da SXPL, unha programación que conte coa conformidade desta e que inclúa as actividades previstas para o ano correspondente. Esta programación deberá estar asinada pola súa persoa responsable e polo lector ou lectora.

Os pagos anticipados das anualidades dos anos 2024, 2025 e 2026 soamente poderán ter lugar logo da xustificación pola entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións esixidas no convenio.

Para os efectos deste anticipo e en virtude do disposto no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, a Universidade queda exonerada da constitución de garantía a efectos dos anticipos e dos pagos a conta.

- ☐ Un pagamento a conta, polo restante 50 %, unha vez que a Universidade lle remita á Consellería, a través da SXPL, antes do 20 de decembro dos anos 2023, 2024 e 2025, a seguinte documentación:
 - o A conta xustificativa a que se refire o acordo quinto.
 - o Unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para este mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.
- ☐ Un pago final correspondente ao ano 2026 na que a presentación da citada documentación deberá remitirse antes do 20 de setembro.

Quinto. Xustificación da subvención

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.es/cartafol-do-cidadan>).

Antes do final de cada ano e coa data límite do 20 de decembro, con excepción da última anualidade correspondente a o ano 2026 na que a presentación da citada documentación deberá remitirse antes do 20 de setembro, a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, ou persoa autorizada, remitirlle á Consellería, a través da SXPL, a conta xustificativa, integrada pola seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación sobre as actividades realizadas en cumprimento das accións previstas nos acordos deste convenio, que abarcará o período correspondente ao curso académico. Este documento deberá entregarse en soporte informático e impreso.
- Unha certificación expedida pola persoa responsable do Centro de Estudos Galegos ou pola persoa titular do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario, que acredite a realización das accións previstas neste convenio, así como o investimento da totalidade da subvención anual na realización das devanditas accións e o pago efectivo dos referidos investimentos.



A maiores, esta certificación incluírá a seguinte información:

- O importe da subvención anual previsto neste convenio.
- Se é o caso, o importe e a orixe dos fondos complementarios a que se refire o acordo décimo segundo.
- Unha relación clasificada dos gastos e dos investimentos na que se inclúa a identificación do acredor, o documento xustificativo do gasto, o seu importe e a data de emisión e de pago.
- Achegaranse tamén os correspondentes xustificantes dos gastos (facturas, recibos etc.) e dos pagos.

Se por calquera circunstancia a Universidade incumpre a obriga de xustificación da subvención ou incorre en calquera dos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esixírase o reintegro das cantidades percibidas e o interese de mora correspondente. Non obstante, se a cantidade xustificada é inferior á subvención establecida no convenio, a Consellería, a través da SXPL, procederá a minorar o importe do libramento liquidatorio da subvención concedida, de maneira que, por si só ou, se procede, sumado ao anticipo, se corresponda coa cantidade total xustificada. En ningún caso se poderá incorporar ao exercicio seguinte o importe da subvención que non se xustifícase.

Sexto. Centro de Estudos Galegos

Dentro da Universidade, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación dos acordos deste convenio.

Como responsable deste figurará o profesor ou profesora (ou persoa en quen delegue) da Facultade de Filoloxía da Universidade que posúa coñecementos de lingua e literatura galega e unha recoñecida traxectoria no ámbito dos estudos galegos. Esta persoa ha de pertencer á Área de Filoloxía Galega e Portuguesa ou a áreas afíns e, dada a súa vinculación coa Universidade, actuará de enlace entre esta e a Consellería, a través da SXPL.

O nomeamento da persoa responsable do Centro de Estudos Galegos realizarao a Xunta da Facultade de Filoloxía, a proposta da Consellería.

Esta responsabilizarase de todos aqueles trámites que sexan precisos entre ambas as institucións, velará polo cumprimento dos acordos establecidos neste convenio e deberá poñer en inmediato coñecemento das partes aqueles incumprimentos que, ao seu parecer, estivesen a producirse.

Se por calquera causa fose preciso substituír a persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, a Universidade propoñeralle á Consellería, a través da SXPL, o nomeamento dunha nova persoa á fronte do devandito centro, e esta comunicarlle a súa conformidade ou non co devandito nomeamento.

Sétimo. Control

Os servizos técnicos da Consellería, a través da SXPL, seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio para verificar a súa adecuación á finalidade que determinou a concesión da subvención e, así mesmo, comprobarán a idónea xustificación desta. No caso de apreciaren incumprimentos, poderán formular ao respecto os reparos que consideren oportunos. De non proceder a Universidade a corrixir os defectos sinalados, considerarase que se produciu un incumprimento do convenio e este poderá ser resolto mediante comunicación escrita e fidedigna á outra parte, nos termos previstos no acordo noveno.

A Consellería, a través da SXPL, reserva para si o dereito de solicitar toda a documentación que considere necesaria en relación coa xustificación do cumprimento deste convenio.

Así mesmo, a Universidade, a través da Facultade de Filoloxía, está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.



Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención contida neste convenio e, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Oitavo. Vixencia

Este convenio permanecerá vixente durante o período comprendido entre a data de sinatura do último signatario e o 30 de setembro de 2026. En todo caso, os efectos económicos consideraranse desde o 1 de outubro de 2023 e non é posible a súa prórroga.

Noveno. Causas de resolución e modificación do convenio

O convenio resolverase:

- Polo incumprimento total ou parcial dalgún dos acordos que nel se recollen.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.
- Polo mutuo acordo das partes.
- Cando algunha das partes, por causa sobrevida, o considere lesivo para os seus intereses.
- Cando, por algunha causa debidamente xustificada ou de forza maior, as partes, ou algunha delas, se vexan imposibilitadas para continuar o cumprimento do convenio.
- Calquera das establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En calquera caso, o acordo de resolución do convenio debe vir precedido da súa denuncia, que ha de ser formulada por algunha das partes mediante comunicación escrita e fidedigna e polo menos cun mes de antelación.

De resolverse o convenio, a Consellería, a través da SXPL, esixirá, de ser o caso, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente percibidas e mais os correspondentes xuros.

Este convenio poderá modificarse polo acordo unánime das partes, que deberá formalizarse mediante a correspondente addenda.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

Décimo. Exoneración de responsabilidade

A sinatura deste convenio non implica ningún tipo de relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e a Xunta de Galicia, de tal maneira que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade —nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria— polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento do convenio.

Décimo primeiro. Solución de controversias

As posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación dos acordos deste convenio resolveranse mediante o diálogo directo entre as persoas titulares das partes asinantes ou a través da Comisión de Seguimento, constituída por dous representantes da Consellería, nomeados polo seu titular, un dos cales actuará como presidente, e dous membros da Universidade, nomeados polo reitor. De non chegaren a acordo, será a xurisdición contencioso-administrativa quen resolverá as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación deste convenio.

O réxime de funcionamento e organización da referida Comisión de Seguimento será o que resulte aplicable pola normativa básica dos órganos colexiados de carácter administrativo, recollido



particularmente nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo segundo. Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é totalmente compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade.

Décimo terceiro. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio supoñerá o consentimento expreso por parte da Universidade para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao devandito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xuño, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

Así mesmo, este convenio sométese ao establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 10/2019, do 10 de abril, de transparencia e de participación da Comunidade de Madrid.

O contido deste convenio será publicado na Base de datos nacional de subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Universidade deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais e mais o resto das especificacións que nel aparecen poidan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

Décimo cuarto. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE 06/12/2018), e adoptaranse cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo quinto. Administración dixital



As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Esta lei tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de maneira adecuada, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicos de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei].

Décimo sexto. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, as persoas que representen unha interesada ou interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e as empregadas e empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétimo. Réxime xurídico aplicable

O réxime xurídico aplicable a este convenio é o seguinte: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo coa modificación introducida pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, coa exclusión dos artigos 78 e 79 e da disposición adicional cuarta, expresamente derogados pola Lei 9/2007; artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e Decreto 119/2022, do 23 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



Ambas as partes manifestan estaren de acordo e asinan un exemplar electrónico en galego e outro exemplar electrónico en castelán deste convenio, ambos con idéntica validez.

**O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e
Universidades**

**O Vicerreitor de Planificación, Coordinación
e Relacións Institucionais. Complutense de
Madrid**

Román Rodríguez González

**José M.^a Coello de Portugal Martínez del
Peral**

